

NOVELA

O diario de Inés de Castro

Alicia Díaz recrea nun relato en primeira persoa parte da traxectoria da que foi raíña póstuma de Portugal



A tumba de Inés de Castro, no mosteiro de Santa María de Alcobaça - FOTO: Axencias

M. DOPICO . SANTIAGO | 25.09.2009

Personaxe histórico. Mito e lenda. Muller desventurada. Nai. Amante ao reverso das normas. Irmá nunha familia nobre enleada nas disputas dinásticas de Castela e Portugal. Raíña póstuma... A memoria de Inés de Castro non deixa de cativar a artistas e historiadores, malia o paso dos séculos. De Luis de Camões a João Aguiar, pasando por Vélez de Guevara, Houdard de La Motte ou Manuel de Figueiredo, moitos escritores tentaron recrear a vida de Inés, unha das figuras históricas que poderían ter unido os destinos de Portugal e Galiza, se os acontecementos non se tivesen virado en contra.

A autora novel Alicia Díaz Balado, finalista no 2007 do I Certame Literario de Poesía e Narrativa Xoán XXIII na modalidade de

poesia, realiza a súa achega á pescuda, sempre incompleta e controvertida, sobre a traxectoria de Inés de Castro, cunha novela curta que acaba de publicar Toxosoutos na súa colección Nume. *Inés de Castro. De cinza e cereixas* é o título desta obra, na que a protagonista lle desvela ao lector en primeira persoa, a través do seu diario, os seus sentimentos, pensamentos e experiencias. "O libro comezou en forma de diario. Un diario que escribe ela. O narrador, en terceira persoa, apareceu despois, e serve para recrear o ambiente, enmarcar desde fóra o que ela vive...", comentou Díaz nunha entrevista.

A voz do narrador contribúe a darlle á novela "un compoñente máxico, non tan realista. Hai feitos reais, documentados, pero tamén recreación. Está o mito, a fada... Consultei artigos, libros, información á que puiden acceder, pero non me importaban tanto as discusións sobre a verdade, senón facer a miña propia recreación...", engadiu a autora, que presenta na novela unha dona Inés que escolle o seu camiño a asume as consecuencias.

"Ela decátase de cal é o destino que ten que asumir. Quere vivir o seu destino, o seu fado. Asume a súa vida como o seu destino, senón non tería sido Inés de Castro...", explicou Alicia Díaz.

A dona Inés desta autora vive atenta á realidade que a rodea, e reflexiona moito sobre esta: o xeito no que se van conformando as cidades, a vida nas diferentes clases sociais, as incoherencias da nobreza, a condición que a sociedade lles reserva ás mulleres, feitos históricos... "Fun construindo peza a peza" -a novela está estruturada en capítulos curtos- "engadindo como tesañas, e cando acabei o libro vin que encaixaban", apunta a autora.

Inés de Castro sente, na obra de Alicia Díaz, que seus irmáns tentan utilizala para acadar as súas ambicións políticas. E vive todas as intrigas que a rodean como unha parte do seu destino que, malia todo, non lle resulta para nada grata. "Todo o que a rodea é política. É de familia nobre, e por iso criada nun determinado ambiente, de adulta ten que marchar tamén por unha razón política que era o casamento de Constanza, os irmáns presiónana porque queren facerse co poder... Pero o aire que ela respira é outro, o trazado polo seu amor a Pedro, os seus fillos...", indica.

O libro, escrito cun estilo lírico, é unha obra "moi persoal", artellada desde "a óptica, a visión" da autora, que non coincide coa de parte dos historiadores, que tenden culpar a Inés do seu trágico final, -asasinada, segundo as versións, por decisión do rei Alfonso IV e/ou dos seus conselleiros-.

VIDA

O interese dos escritores No medio das intrigas políticas

Filla de Pedro Fernández de Castro, señor de Monforte de Sancho IV, e de Aldonza Lorenzo de Valladares, descendente de Castro naceu na Limia. Tras criarse en Galiza, foi enviada dama de compañía da súa prima Constanza, nobre castelá Don Pedro de Portugal. Pero o amor xurdiu entre Inés e naceron catro fillos. Repudiada polos nobres portugueses e por IV, acabou sendo asasinada e, de xeito póstumo e tras a mo declarada esposa de Pedro -con quen casara de xeito extraraiña de Portugal. Pedro vingouse mandando matar os instigadores: Alonso González, Pedro Coelho e Diego López Pacheco, ollos o poder da casa dos Castro.

A morte de Pedro suporá, segundo o historiador Anselmo aspirante ao trono Henrique de Trastámara, apoiado pola al episcopado e parte da nobreza media galega. Con Pedro es parte da aristocracia. Pois un segmento da nobreza albiscaba futuro de Galiza, ao ver de López, atlantista, ligado a Portuga que a Castela, que resultou frustrado.

LITERATURA

A lenda e o mito construíronse arredor da figura de Inés,- rela variables cos relatos que cuestionaron o matrimonio concerta Tristán e Isolda-, contribuíron a manter o interese dos escritores estudou as obras que nela se inspiraron.